

# VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

CENTRO GALEGO, VENRES 4 DE XULLO

## Conferencias no Camiño de Santiago, de Barcelona a Fisterra

O Centro Galego enceta a programación de xullo colaborando no proxecto "Aulas no Camiño" cunha conferencia de Xosé Leira López.

Xabier Paradelo - 23:30 02/07/2008

*Aulas no Camiño. Nos ronseis da memoria* é un curso-proxecto cultural e de investigación que percorrerá o Camiño de Santiago cunha especial atención aos territorios de Galeuscat (Galiza, Euskadi e Catalunya). Dirixido por Xosé Leira López, profesor de socioloxía na Universidade da Coruña, o ciclo de conferencias visitará diversas localidades alén de Barcelona: Zaragoza, Logroño, Vitoria-Gazteiz, Bilbo, O Cebreiro, Santiago de Compostela, e rematará en Fisterra a mediados de mes.

Noutras edicións do curso o percorrido tivo como punto de partida cidades europeas como Cracovia, Alemaña ou Lisboa, e mesmo cidades españolas e galegas. Os participantes no curso, que ten un carácter científico, recollen información a longo do itinerario, con visitas, actividades e conferencias nas diferentes cidades, coa intención de publicar un estudo que tente dar a coñecer a realidade de cada lugar.

Na programación do mes do Centro Galego tamén está prevista unha actuación da Compañía de teatro Andoriña da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá, que porá en escena a obra *Pousadeira*, de Carlo Goldoni, e outras actividades tradicionais ao redor do Día da Patria Galega.

### XULLO 2008 - PROGRAMACIÓN DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA

**Venres 4, 20:00 h** | Xornadas: *Aulas no Camiño. Nos ronseis da memoria*

Percorrido do Camiño de Santiago, dende Barcelona a Santiago de Compostela, cunha atención especial aos Países de Galeuscat, e con final en Fisterra. Celebración de conferencias en cada un dos puntos do percorrido.

Conferencias no Centro Galego de Barcelona:

Xosé Méndez López, presidente do Centro Galego de Barcelona.  
"O movemento asociativo galego en Catalunya"

Xosé Leira López, profesor titular de Socioloxía da Universidade da Coruña.  
"Camiño, peregrinacións e turismo"

**Domingo 13, 19:30 h** | Teatro

Compañía de teatro Andoriña da A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá.  
Obra "Pousadeira" de Carlo Goldoni.

**Sábado 19**

**17:00 h** | Procesión Día da Patria Galega

Saída do Centro Galego de Barcelona coa imaxe do Santiago Apóstolo en procesión ata a Catedral de Barcelona. Coa participación do Grupo de Gaitas do Centro Galego e os *Llancers de la Guàrdia Urbana* de Barcelona.

**18:00 h** | Misa solemne Día da Patria Galega

Misa solemne en honor a Santiago Apóstolo, patrón de Galicia, cantada polo coro *Lonxe da Terra* do Centro Galego de Barcelona. Posterior aperitivo no Centro Galego de Barcelona.

**Venres 25, 19:30 h** | Conferencia Día da Patria Galega

Acto institucional do Día de Galicia.

**Sábado 26, 19:30 h** | Baile de salón con motivo do Día de Galicia

Entrada libre.

Ao remate, cea Noite de Galicia.

Todos os actos realizaranse na Sala Ferrío

**Centro Galego de Barcelona**

Rambla de Caputxíns, 35